

A NOSSA

HISTÓRIA

A NOSA HISTORIA

Ola: hoxe vouvos contar a miña historia. Chámome Pedro e cando tiña 12 anos pasei o verán aquí, en Betanzos, como todos os anos, onde coñecín a Sabela e a historia do Pasatempo.

Sabela e máis eu coñecímonos polos nosos país que eran amigos dende nenos; lembro cando a coñecín, tiña 5 anos e foi cando vin o globo de Betanzos por primeira vez, pero esa non é a historia que veño a contar hoxe. Era 9 de xuño cando Sabela e máis eu fomos ao noso lugar favorito, o Pasatempo. Nós sabíamos toda a súa historia e como acabou una actualidade. Esa tarde foi espantosa os dous discutimos moitísimo e non volvemos a falar ata un mes despois. Era de noite, volvía polo Carregal, de facerlle un recado a miña nai e oín berros alí, acerqueime e cando entrei non parecía o meu Pasatempo pero eu coñecía ese lugar... mellor ca miña casa, Estaba no Pasatempo do século XIX!

Despois de asimilalo sentíame sorprendido pero dende logo non estaba asustado, entón púxenme en marcha e comencei a percorrer o lugar dos meus soños, como xa dixeran era de noite polo que pronto quedeime durmido. Pola mañá, espertei moi de súpeto e alí estaba co pelo recollido como sempre e cos irmáns García Naveira.

- Onde estamos? – Dixeran.

- No Pasatempo, é evidente - Contestoume Sabela de mala maneira.

- Eso xa o sei. Pero por que no Pasatempo do século XIX e que fan eles aquí? – Dixeran – sinalando aos irmáns.

- Pedro o importante é porque estás ti aquí e é porque tes una misión – dixo Juan.

- Aquí me tedes para todo – dixeran.

- Entón coa vosa axuda poderemos conseguilo – dixo Jesús – referíndose a Sabela tamén – O que pasa é que dende hai unas semanas están morrendo os animais e plantas, os colosos están rompendo e a auga dos estanques está totalmente contaminada non sabemos que pasa, só que veñen contra nós e o Pasatempo; necesitamos que o descubrades, somos conscientes da vosa preocupación por este lugar – dixeron, e nun segundo desapareceron.

Cando me volví, Sabela tampuoco estaba, isto era moi confuso pero tiña claro dúas cousas, estaba só e non ía deixar de loitar, pero o que non sabía era como comezar.

Despois de moito pensar descartei a idea de fuxir ou de buscar a Sabela, entón optei por percorrelo por si encontraba algunha pista. Non me costou moito darme de conta do que facía que o Pasatempo estivese así, era algo soterrado polo que non se me ocorreu máis que cavar. Cavei durante máis de 6 horas e cando ía parar, caín e acabei nunha especie de túneles soterrados. Oíanse voces e eu recoñecía unha á perfección, era Sabela e estaba falando cuns mozos que levaban unas bolsas onde poñía “Veneno” e nese momento todo se volveu negro. Non sei canto tempo pasou ata que recobrei a consciencia e de verdade crín que fora todo un soño ata que volví a ver aqueles mozos e dinme conta que estaba dentro dunha especie de gaiola, máis ou menos, soltaronme á semana, o 16 de agosto o gran día de Betanzos. Desperteime como de costume e esperei a que me trouxeran o almorzo, traíao sempre a traidora de Sabela, non podía crer que lle estivese facendo iso aos irmáns García Naveira, sen embargo, esa mañá sacoume da gaiola e díxome que confiara nela, que todo era un plan e que era un topo, o meu traballo era facer saír aos mozos onde estaría esperando a garda civil, ela sacaría ao xefe da banda, e como estaba previsto conseguímolos. Arreglei as cousas con Sabela e volvemos a ser amigos dende ese día os dous soñamos con poder refórmalo para que todos os betanceiros e betanceiras poideran disfrutalo como o crearon os irmáns García Naveira. e hoxe. 16 de agosto de 2030, pódese inaugurar de novo o parque do Pasatempo como eles o construíron.

